

Sr. Conselleiro de Educación:

En Galicia temos a riqueza de que haxa dúas linguas, aínda que a nivel social non se atopen na mesma situación, por iso dende o ano 1983, en que se aprobou a Lei de Normalización Lingüística, os distintos gobernos lexislaron para fomentar a lingua propia de Galicia. Agora, por primeira vez, despois de 27 anos, dende a Administración Educativa prodúcese un moi preocupante paso atrás ao propoñer un Decreto que implica un grande retroceso no uso da nosa lingua. Ademais este Decreto presenta outros problemas que van afectar de maneira moi grave á calidade do ensino e á convivencia nos centros, por iso, ante a difusión das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, o Claustro de Profesores/as do _____ quiere manifestar o seguinte:

1. Que a comunidade educativa non pode estar sometida de maneira constante a cambios na lexislación que a rexe, porque isto supón un grande prexuízo para o seu funcionamento normal. Neste caso o Decreto que se vai derrogar, só estivo en vigor tres cursos académicos, tempo insuficiente para facer una diagnose que indique se os seus resultados foron positivos ou negativos.
2. Que resulta inaceptable que para a elaboración do presente texto, non se teñan en conta as opinións dos docentes, parte directamente implicada e que é quen realmente coñece a situación dos centros escolares. Este feito vai ocasionar problemas diversos:
 - a. Creará moitas dificultades na organización dos centros. Por exemplo, non se poderán organizar os horarios nin os grupos ata o momento de pechar o prazo de matrícula e mesmo así talvez sexa necesario facer unha reorganización total dependendo de cales sexan as materias nas que se matriculase o alumnado, xa que de non haber número suficiente de alumnos/as nunha das materias impartidas nunha determinada lingua haberá que volver a reformular toda a oferta para que se cumpran as porcentaxes establecidas no Decreto, é dicir, deberá volver a reunirse o Consello Escolar con todo o que isto supón de demora no comezo de curso.
 - b. Establecer un proxecto a catro anos é inviable por inadecuado ás circunstancias de cada curso, porque o alumnado cambia e tamén o profesorado que imparte as materias.
 - c. As relacións entre compañeiros/as pódense ver afectadas porque a deixación de funcións da Administración obriga a que un sector do profesorado que forma parte do Consello Escolar teña que tomar decisións que resultarán vinculantes e condicionarán a práctica docente de todos os demais.
 - d. As relacións entre o profesorado e as familias pódense resentir, pois son elas quen toman decisións que supoñen unha inxerencia na práctica docente, sen teren coñecementos para

facelo (descoñecen a calidade dos materiais didácticos existentes en cada lingua, descoñecen o nivel lingüístico de cada profesor/a...)

3. Que ata agora no noso centro non existiu nunca ningún tipo de conflito polo tema lingüístico, e vivíase nunha situación de respecto cara ás linguas e na conciencia da necesidade de camiñar cara á normalización da lingua galega. Agora vémonos obrigados/as a concentrar o noso esforzo e atención nun problema que se crea de xeito artificial e réstalle tempo a aspectos que redundan na mellora da calidade do ensino.
4. Que é inxusto que o coñecemento de inglés (condición non requirida para a práctica docente) sexa determinante á hora de establecer privilexios para acceder a determinadas prazas.
5. Que a mellora do nivel de inglés do noso alumnado, de certo moi necesaria, non se pode facer a costa de empeorar o nivel das linguas oficiais. Para a mellor adquisición das linguas estranxeiras xa se viñan tomando medidas efectivas como subvencións para estadias no estranxeiro e é preciso o establecemento doutras como a redución das ratios, aulas de idiomas, prácticas de profesorado lector... Ademais débese ter en conta que para impartir unha materia nun idioma estranxeiro hai que dominar unhas destrezas lingüísticas que polo xeral só posúen as persoas habitúadas a expresarse nesa lingua e que son as que na actualidade dan aulas nas seccións bilingües de varios centros públicos.
6. Que o feito de impartir unha materia en inglés dificulta a adquisición por parte do alumnado dos contidos propios da materia, moito máis no caso daqueles rapaces e rapazas que xa de seu teñan dificultades co inglés. O caso agrávase para os nosos alumnos/as que non teñen como primeira lingua o inglés senón o francés.
7. Que reducir o número de horas que se adxudican ás linguas oficiais conleva menor contacto coa variedade culta das mesmas, e polo tanto, un maior empobrecemento lingüístico.
8. Que nos centros son diversas as linguas estranxeiras que se imparten: francés, portugués, italiano, alemán, e parece que a única preocupación do goberno é a lingua inglesa, xa que no texto só se refire a esta de maneira explícita. Semella que se renuncia ao plurilingüismo que se anuncia no título.
9. Que como docentes debemos educar no respecto cara a calquera tipo de manifestación cultural, por iso non podemos concordar cun texto que rebaixa o uso da lingua propia, pois transmitir a lingua galega é a mellor maneira de respectar a nosa cultura.